

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 3 de xuño de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo).*

Advertidos erros na Resolución do 3 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo), no que se refire aos datos consignados nas listas de persoas admitidas das seguintes especialidades 004 Lingua castelá e Literatura, 007 Física e Química, 011 Inglés, 116 Procesos na Industria Alimentaria do corpo de profesorado de ensino secundario e nas especialidades 031 Educación Infantil e 036 Educación especial Pedagogía Terapéutica do corpo de mestres así como na lista de persoas excluídas da especialidade 038 do corpo de mestres, polo que procede ordenar a publicación das listas definitivas correctas do persoal admitido e excluído nas ditas especialidades como anexo a esta corrección de erros.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

